

Os recursos e as figuras literarias

Os recursos e mais as figuras literarias son os procedementos empregados para presentar a mensaxe de forma atractiva e inusual. Poden darse a distintos niveis:

- No plano fónico
 - No plano morfosintático
 - No plano léxico-semántico: neste tipo podemos diferenciar entre figuras de pensamento e tropos.
- Dentro do comentario literario, a análise dos recursos debe facerse dentro do plano do contido, xunto coa métrica e os aspectos gráficos do texto.

Recursos de carácter fónico e fonolóxico

🔊 Aliteración

Consiste na repetición eufónica de sons en posición próxima.

*Coma pantasmas cruzan as naves
Silbando salves e padrenuestros
vellos e vellas que a Dios lle piden
El tan so sabe cáles remedios.*

Rosalía de Castro

¡Como canta ó caír nas brancas cuncas!

Ramón Cabanillas

*Pende en pende Penélope pensativa
perdo novelo novamente canto...*

Alvaro Cunqueiro

🔊 Onomatopea

Consiste na representación no poema de sons reais.

*O despertador da mesa da noite seguía petando
tic-tac, tic-tac*

Anxel Fole

As ponlas do souto facían cra cra.

Ramón Otero Pedrayo

*—¡Ai! —dixo—, ¡que triste!,
¡que triste eu estou!
I o sapo, que oía,
repuxo: —¡Cro, cro!*

Manuel Curros Enríquez

🔊 Fonosimbolismo

Prodúcese cando a través dos sons do poema se evocan sensacións visuais, táctiles, de movemento ou anímicas.

*O lobo! os ollos
o lombo do lobo!...
baixa o lobo polo ollo do bosco
coma un sono*

Uxío Novoneyra

🔊 Paranomasia

Consiste na colocación próxima de dúas palabras de son similar.

*Como o home no gremio da mulher
na última causa soña toda a cousa.*

Ricardo Carvalho Calero

*No sagrado segredo
de Vigo*

Luz Pozo Garza

*Vemos fuxir o vento lento
(...)
Vemos fuxir a pomba comba
en Vigo. Nun intre a vida pasa
(...)*

*Vemos fuxir a morte norte
(...)
Vemos fuxir o corvo torvo
(...)*

Luz Pozo Garza

🔊 Similicadencia

Consiste na utilización de dúas ou máis palabras próximas coas mesmas terminacións gramaticais, producíndose un efecto de eco.

*Traballou, aforrou, mercou, vendeu,
consumiu, informou, cumpriu co percheito
viviou arredor de si mesmo como unha roda
perfeuta.
Por fin morreu dun
coma diabético. (...)*

*Camiño de volta fago
volvo do cabo do Mundo.
Terra sólo en ti me fundo:
é a certeza que trago.*

Uxío Novoneyra

Celso Emilio Ferreiro

🔊 Calembur

Xogo lingüístico que se produce ao reordenar as sílabas dunha frase dando lugar a outras palabras.

Arrula a rula seu esperma teso.

Xoaquín Agulla Pizcueta

Recursos literarios de carácter morfosintáctico

🔊 Elipse

Supresión de elementos da frase que se dan por sobreentendidos. Se o elemento elidido xa está expresado, denomínase ceugma.

*Leda vai a nao,
a bordo un amor.*

Fermín Bouza-Brey

*De pedra o chan
i as reixas.*

Celso Emilio Ferreiro

*O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.*

*Era Galicia un mar perfectamente
denso, sen luz e con sabor a homes.*

Xosé Luís Méndez Ferrín

🔊 Enumeración

Acumulación de palabras ou frases de estrutura similar. Pode ser ordenada (cando responde a unha certa lóxica) ou caótica.

*Augas brancas da Rugueira!
Bouzas pechas
de uces e xestas!
Abrairas, teixos, faias,
xardois e reboleiras!*

Uxío Novoneyra

*peixes de chumbo, vómitos, anémonas,
estrelas de plutonio plutocrático,
esterco de cobalto hidroxenado,
martelos, ferraduras, matarratos.*

Celso Emilio Ferreiro

*A bomba ten lombrices, bombardinos,
vermes de luz, bombillas fluorescentes,*

*Ollos do meu amor, grandes, brillantes,
fondos...*

Luz Pozo Garza

*Sebes, ripisilvas,
cortaventos, cómaros,
matogueiras, paraventos.
Corredoiras cegas que*

*xa non levan xente,
contaille ao merlo contos
para que os semente.*

Manuel Rivas

🔗 Anadiplose ou reduplicación

Repetición da palabra ou palabras que rematan un verso no inicio do verso seguinte. Cando a anadiplose se produce en varios versos seguidos falamos de **concatenación**.

*Vas na verba,
verba que rixe,
verba enteira que é.*

María Mariño

*Que non se debe ter por trovador
trovador que trova por trovar...*

Uxio Novoneyra

🔗 Poliptoto, polipote, derivación ou figura etimolóxica

Repetición do mesmo lexema con diversos morfemas flexivos.

*Seríamos felizes conformando-nos
con sermos como somos.*

Ricardo Carvalho Calero

*E das entrañas me doio
Dóime de dor ferida*

Rosalía de Castro

🔗 Anáfora, epífora e complexión

Repetición de palabras en posicións simétricas dun texto. Se a repetición se produce ao principio de varios versos próximos, chamámoslle **anáfora**; se se produce ao remate, **epífora**. Cando se dan a anáfora e a epífora de forma simultánea, prodúcese unha **complexión**.

*Dóeme a vida
coma unha ferida acoitelada,
coma un anoitecer desleigado,
coma un cadaleito
cheo de rosas murchas.*

María do Carme Kruckenberg

*Era Galicia un puro val ou oco,
de densidade verde e fume morno.
Era Galicia a chaira máis espida,
Inerte neve sobre illó de lodo.
Era Galicia esguío vento agudo
Encrequenando en sí tódalas cousas....*

Xosé Luís Méndez Ferrín

🔗 Paralelismo ou isocolon

Consiste na estrutura de varios conxuntos seguindo o mesmo esquema, de forma que os elementos semellantes coincidan no mesmo punto das súas secuencias respectivas.

*Teño cogomelos do pan no útero
teño queixo con furadiños nos pulmóns
teño chícharos insomnes entre as costelas
teño un virus publicitario na autoestima
teño instintos que me psicanalizan
teño sorte...de que me teñas.*

María Lado

🦉 Epanadiplose

Repetición dunha palabra ao principio e final dunha unidade métrica (verso ou estrofa) de maneira que lle serve de enmarque.

*GALICIA digo e un di GALICIA
GALICIA decimos todos GALICIA.*

Uxío Novoneyra

*Bortela que bortela
muxe que muxe...*

Alvaro Cunqueiro

🦉 Anacoluto

Ruptura da concordancia gramatical entre palabras dunha mesma unidade sintáctica para producir un efecto ilóxico.

*Digo cecáis non digo
digo verba con chumbo e con
arrastres
e perdemos
en voltas en espiral en espavento
primavera coutada ferros foron...*

Xosé Luís Méndez Ferrín

🦉 Asíndeto

Omisión de conxuncións para darlle maior vigor á frase e conseguir movemento rápido.

*Hai que defender o idioma como sexa:
con rabia, con furor, a metrallazos.*

Manuel María

🦉 Polisíndeto

Repetición de conxuncións.

*Lingoa proletaria do meu pobo
eu fáloa porque sí, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gaña
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados...*

Celso Emilio Ferreiro

🦉 Pleonasmio

Acumulación redundante de termos innecesarios para a comprensión denotativa. É valioso para marcar a riqueza expresiva.

*Poeta ou non, eu cantarei cousas
que na soleira de min mesmo agradan...*

Xosé María Díaz Castro

🔍 Epíteto

É un adxectivo que ten unha función estilística, xa que remarca unha calidade inherente do substantivo ao cal acompaña. É dicir, é unha característica que lle é propia sempre ao substantivo do que se fala.

Mais, por eso, el é home, sombra escura...

Aquilino Iglesia Alvariño

Recursos literarios de carácter léxico-semántico: as figuras de pensamento

🔍 Antítese

Oposición de dúas ideas, pensamentos, expresións ou palabras contrarias.

*Se os que xacen dentro non poden saír,
e os que viven fóra non queren entrar,
estes rexeiros muros que coutan as campas
son un monumento da ideotez humana.*

Celso Emilio Ferreiro

*Maio longo..., maio longo
todo cuberto de rosas,
para algúns telas de morte,
para outros telas de vodas.*

Rosalía de Castro

Digo cecáis non digo...

X. L. Méndez Ferrín

*Fai un frío que queima.
Uxío Novoneyra. Os eidos.
Solpor do mundo.
Cinza e luz. A fin, o
comezo.*

Xulio L. Valcárcel

🔍 Lítote

Consiste en negar o contrario do que se quere afirmar.

Que barba non cuidada!

Eduardo Pondal

🔍 Oxímoro

É un tipo de antítese, pero mentres nesta as palabras cun significado contraditorio están en sintagmas distintos, no oxímoro atópanse nun mesmo sintagma.

*Meu recordo é unha roseira
que ten, frescas e arumadas,
máis rosas canto máis vellas!*

Ramón Cabanillas

Odiado Amado Noia...

X. L. Méndez Ferrín

🔍 Díáfora

Repetición dunha palabra con dous sentidos distintos.

Ponte de ponte, ponte amiga en ponte.

X. L. Méndez Ferrín

🔍 Gradación

Enunciación de conceptos nunha escala ascendente ou descendente.

*Van pensando mil cousas femíneas,
molentes e infames.*

Eduardo Pondal

🐼 Hipérbole

Esaxeración de accións ou calidades.

*Mollo na propia sangre a dura pruma
rompendo a vea hinchada.*

Rosalía de Castro

*Cantaban tódalas aves do mundo na
ramallosa florida, cada unha na súa torda e
todas no latín que non se deprende.*

Méndez Ferrín

🐼 Ironía

Consiste en dar a entender o contrario do que se di, cunha intención burlesca. Cando é cruel ou ferinte denomínase sarcasmo.

*Xan o de Perdecanaí
que cento e dous anos tiña
dicía con triste ¡ai!
¡dádmeme unha limosniña
que non teño pai nin nai!*

Xosé Pérez Ballesteros

*Ós homes quérolles ben:
allalos e pementalos
e frixilos na sartén.*

Popular

*O Percherón, o Miguíñas,
o Fedor, o Cona en Dulce,
o Cuco, o Paco Pixiñas.*

*O Can, o Caco, o Sarxento
Sobriño do seu Tío, o
o Sapo e máis o Merdento.*

*Doce froles, doce encantos,
doce zafios, doce lerchas,
doce pes pra doce bancos.*

Celso Emilio Ferreiro

🐼 Paradoxo

Unión de dúas ideas aparentemente opostas.

*...Os seus loitos tristísimos
en torno da estranxeira na súa patria,
que, sin lar nin arrimo,
sentada na baranda contemplaba
cal brillaban os lumes fuxitivos.*

Rosalía de Castro

🐼 Sinestesia

Unión de dúas imaxes ou sensacións pertencentes a dominios sensoriais diferentes.

*tal unha despedida sen retorno
do silencio curvado...*

Luz Pozo Garza

🐼 Prosopopea ou personificación

Atribución de calidades de seres animados a seres inanimados, ou calidades humanas a seres que non o son.

*Bicaron ao morto
os beizos mollados
do ceo de outono.*

Luis Amado Carballo

Hoxe cásanse os paxaros...

Luis Amado Carballo

A vendima aturuxaba no val do Avia.

Ramón Otero Pedrayo

📖 Interrogación retórica

Pregunta enfática da que non se espera resposta.

*Morte negra, morte negra,
cura de dores e enganós:
¿Por qué non máta-las mozas
antes de que as maten os anos?*

Rosalía de Castro

📖 Diloxía ou dobre sentido

Uso dunha palabra con varios significados distintos dentro dun mesmo enunciado

*Penhoremos o daíam
na cadela, polo can.*

Ernesto Guerra da Cal

Recursos literarios de carácter léxico-semántico: os tropos

📖 Metáfora

Substitución dun elemento, termo real, por outro, termo imaxinario, co que se relaciona por semellanza. (Ampliar coas distintas posibilidades da metáfora da páxina 178 do libro de texto.)

Dime a onde vas, miña cerva ferida...

Alvaro Cunqueiro

📖 Símil

Comparación entre dous termos expresos.

O sapo era como un paxaro triste.

Manuel Cuña Novás

*O vento do Norte, frío e seco coma unha
coitela.*

X. L. Méndez Ferrín

*Unha canción tan lonxana e lene
como a sombra do aire sobre a herba.*

Luís Pimentel

📖 Alegoría

Prodúcese canto todo un texto que presenta un sentido global figurado xunto ao sentido que aparece directamente

A alma é unha roseira

*frorecida, cuaxada
de rosiñas vermellas
e de rosiñas brancas.*

Ramón Cabanillas

☞ Símbolo

Establece unha asociación (irracional) entre a esfera material e física da realidade e un significado de natureza espiritual (o «barco», na poesía de Manuel Antonio, simboliza o «eu» lírico).

*Roubaron-nos o vento
Aquel veleiro que se evadeu
pol-a corda floxa d' o horizonte.*

Manuel Antonio

☞ Metonimia

Un termo substitúe a outro por gardaren entre si unha relación de contigüidade (a causa polo efecto, o continente polo contido, a materia polo obxecto, o símbolo polo obxecto simbolizado, o autor pola obra...). A translación non vén guiada pola semellanza, como na metáfora, senón pola proximidade existente entre eles. No seguinte exemplo, os «berros das mulleres» substitúen a dor producida polo parto.

*Falo coa miña fala vagamunda,
cos berros das mulleres no parto...*

Pilar Cibreiro

☞ Sinécdoque

Tipo de metonimia que se produce cando se substitúe un elemento por outro co que mantén unha relación cuantitativa (todo pola parte ou viceversa).

Neste exemplo, os «ollos tristes nas caras» son as persoas.

*«LIBERTÁ chamas nos ollos tristes nas caras do
METRO»*

Uxío Novoneira